

Documento distribuído por



Sobre o cine galego

Mabel Rivera

Artigo publicado en *Revista da Academia Galega do Audiovisual* (marzo, 2004)



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de
Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 /
xenero@consellodacultura.org

Sobre o cine galego

Dende que era unha cría mirei o cine como espectadora. Durante moitos anos vivín feliz na ignorancia de que para facer películas tan bonitas tivese que haber *clusters* e *film commissions*. Na miña simpleza, tamén tiña clarísima a orixe das películas. Por exemplo, o cine no que aparecía Marisol, ou que exaltaba os valores patrios, ou no que saía xente cantando bulerías ou *jotas* aragonesas, seguro que era español. As pelis con vaqueiros galopando no medio dunha escorrentada, en chairas inmensas e con música de anuncio de *Marlboro*, non me preguntes por qué, pero nunca dei en pensar que fosen de cine ruso, e como aparecese John Wayne, a cousa estaba cantada. Miña nai era a especialista da familia nas de arte e ensaio: "é unha desas raras", dicía, e xa nos situabamos rapidamente. E cando aparecía Yves Montand fumando coma unha cheminea (o do fume ela relacionábao moi acertadamente cos existencialistas), saltaba miña nai: "ese ten cara de francés". Deixábanos abraiados. Mesmo distinguía os franceses dos rusos, que xa hai que ter talento. Logo decateime de que esa habelencia súa tampouco era tan rara. Os espectadores percibimos estas características como algo propio das filmografías dos distintos lugares: temáticas, cores, ritmos, músicas ..., son outros tantos sinais de identidade, entre os que ocupan un lugar destacado "el chico", "la chica" e (aínda que non tanto) tamén o director.

Despois está o que non se ve, pero que "se nota" moito (os cartos da produción). Aí nunca me deu por preguntarlle a miña nai, pero seguro que ela había compartir comigo a inxenua idea de que cada quen pagaba o seu; un supoñer: cine italiano era o que, ademais de neorrealismo, tiña cartos italianos, e xa estaba.

Cando os espectadores ven cine galego, en que sinais de identidade o recoñecen?. Podería ser, por exemplo, na inequívoca "marca" dalgún

cineasta do país?; os técnicos que aparecen nos créditos, cos seus xefes de equipo á cabeza arroupando con solidez o traballo deses directores, son (cando menos algúns) recoñecidos galegos que tiveron oportunidade de adquirir boa formación e competencia no seu traballo dentro de Galicia?; hai unha presenza nas salas comerciais que permita falar (que permita que **os espectadores** falen) de cine galego como algo habitual nas pantallas, cando menos nas de Galicia?; como galegos, percibimos que o noso cine (?) recolle aspectos da nosa sociedade ou da nosa idiosincrasia que non sexan os meramente paisaxísticos?; cine galego implica industria cinematográfica galega, non é?: pois ben, pódese permitir esa industria que o cine galego fale galego?; é esa mesma industria a que considera que os actores (peor aínda, coma sempre, no caso das actrices) galegos non somos un "valor de mercado"?; apostan firmemente por nós as nosas empresas produtoras, a fin de contrarrestar esta idea?; tan baixo valor nos outorgan tamén os nosos compañeiros directores como para contar, case invariablemente, con protagonistas de fóra de Galicia, ou é que tamén eles teñen limitada a súa creatividade por imperativos da industria galega?; o cine galego, é galego (ou sexa, pagado con diñeiro galego)?; etc., etc.

Despois de todos estes anos, sigo mirando o cine (galego) dende a butaca.

E eu pensando que podía ser John Wayne!

Mabel Rivera, actriz

(marzo, 2004)